

## Algunhas reflexións sobre a presenza da cuestión "intercultural" na Literatura Comparada<sup>1</sup>

Franca Sinopoli

[Recibido, marzo 2006; aceptado, xullo 2006]

RESUMO Percorrendo algúns dos momentos máis destacábeis do desenvolvemento da mentalidade comparatística no estudo literario occidental, o presente traballo pretende identificar as razóns dunha traxectoria crítica que, desde a procura dunha ciencia literaria universal, culminada en pleno século XX, se dirixiu cara á definición dos límites culturais e das condicións (históricas, sociais, políticas, de xénero) dos criterios de comparabilidade que están na base tanto de calquera nova tentativa de deliñar unha poética universal das literaturas como da urxencia por propor a Literatura Comparada como horizonte intercultural da descolonización.

ABSTRACT This article reviews some of the most important stages in the development of comparativism in western literary studies, and attempts to identify the motivation of a critical movement which, from the search for a universal science of literature, culminating in the mid-twentieth century, turned to the establishment of cultural borders and of the underlying elements (historical, social, political, gendered) of the criteria of comparability which are at the base both of any new attempt to outline a universal poetics of literature, and of the urgent need to advocate Comparative Literature as an intercultural perspective for decolonization.

163

---

<sup>1</sup> Tradución do italiano de César Domínguez. Este traballo rearticula e desenvolve as teses expostas nunha achega precedente sobre a teoría literaria comparatística entre os séculos XIX e XX, titulado "Dalla comparazione intraculturale alla comparazione interculturale", no volume *Manuale storico di letteratura comparata*, ed. de A. Gnisci e F. Sinopoli, Roma: Meltemi, 2000<sup>2</sup>, pp. 14-60. Unha interpretación en clave de "Cultural History" da historia do comparatismo literario, que posúe moitos puntos de contacto co ensaio citado, pode atoparse no traballo de F. Loriggio, "Disciplinary Memory as Cultural History: Comparative Literature, Globalization, and the Categories of Criticism", en *Comparative Literature Studies*, número monográfico "Globalization and World Literature", 41.1, 2004, pp. 49-79.

## I. Como dar conta dos “outros” no estudo literario?

A literatura comparada nace, como é ben sabido, no marco da historia literaria europea entre os séculos XVIII e XIX como un problema, dunha banda, da interferencia entre as culturas literarias nacionais e, doutra, da copresenza no plano mundial de civilizacións literarias profundamente diversas<sup>2</sup>.

Pénsese no primeiro caso na chamada “escola francesa” dos estudos das relacións entre a literatura francesa e as literaturas estranxeiras ou, aínda antes no segundo caso, na *Geschichte der alten und neuen Literaturen*, de F. Schlegel (1815), ou o *West-östlichen Divan* (1814-1829), de Goethe. Estou a falar dos estudos sobre as relacións entre literaturas e a consciencia crítica da copresenza de civilizacións diferentes a escala mundial, é dicir, daquela fase estruturada e non rapsódica da reflexión sobre a historicidade da literatura europea e mundial que impulsa os primeiros pasos decisivos nos primeiros decenios do século XIX.

164

Trátase polo tanto, por unha parte, das interferencias intra-culturais (aquelas pertencentes a unha mesma civilización, a europea) –basta lembrar os *Tableaux* (1828-1830) de Villemain (*Tableau de la littérature au Moyen Âge en France, en Italie, en Espagne et en Angleterre* e *Tableau de la littérature au XVIII<sup>e</sup> siècle*)–, pero tamén de confrontacións, aínda que sexan *in nuce*, “inter-culturais” no caso da historiografía schlegeliana ou daquela elaborada por Jean-Charles-Léonard Simonde de Sismondi sobre as culturas literarias do Mediterráneo (*La Littérature du Midi de l'Europe*, 1813). Porén, cómpre precisar que, baixo a perspectiva das primeiras décadas do século XIX, o estudo mesmo das relacións entre literaturas en linguas diferentes, e entre elas as europeas en primeiro lugar, era percibido (aínda que non definido) como un estudo “inter-cultural”, no que asumían un certo relevo o elemento da “diversidade” e o problema da interferencia vivido como esixencia da súa recomposición.

---

<sup>2</sup> Permíteme remitir, para unha reconstrución da relación entre historiografía e comparatística, ao meu volume *Storiografia e comparazione. Le origini della storia comparata della letteratura in Europa tra Settecento e Ottocento*, Roma: Bulzoni, 1996 e ao capítulo “La storia comparata della letteratura” do volume de Gnisci, Sinopoli, Stella, Trocchi, Pantini, Numeri, Guglielmi, Moll, Nera, Gajeri, *Letteratura comparata*, ed. A. Gnisci, Milán: B. Mondadori, 2002, pp. 1-29.

En 1827 Goethe, ao comparar a literatura chinesa e as literaturas occidentais, traducía a un plano estético-moral unha diferenza histórico-cultural e, a propósito dunha coñecidísima novela chinesa que estaba lendo<sup>3</sup>, preguntábase como xustificar e xulgar tal fenómeno cultural no ámbito da poética occidental. O dilema resolveuse destacando no texto estranxeiro unha coherencia moral, incluso un parecido, coa propia cultura burguesa e, sobre esta base, unha proba tanxíbel da dimensión mundial da literatura<sup>4</sup>, do seu manifestarse “en cada país e en cada tempo, entre centos e centos de persoas”. A diferenza histórico-cultural, cuxo problema foi proposto por unha obxección do secretario de Goethe, Johann Peter Eckermann (“Unha novela chinesa! exclamou: debe ser ben singular!”), resolveuse reducindo a potencialidade intercultural da confrontación (“Non tanto como se cre, respondeu Goethe. Eses homes pensaban, actuaban e sentían case coma nós e pronto nos decataremos de seren os seus iguais”). Por tanto, a diversidade, se de diversidade pode falarse, permanece nun plano de pequenas diferenzas, que van desde unha maior “continencia” moral e estética propia das historias tratadas nas novelas chinesas ao uso prevalentemente obxectivo da representación da natureza (a “natureza exterior”), afastada das connotacións subxectivas, propias da novela “sentimental” nortoeuropea.

165

A crítica comparativa intra-cultural das orixes manifesta así mesmo unha cara xenófoba e nacionalista que tende a “defender o xenio de cada nación da influencia das nacións veciñas” (Joseph Texte)<sup>5</sup> e, en termos de máximos, a xustificar os períodos de apertura e expansión como “imitacións fecundas” e “reaccións saudábeis”. Neste paradigma mental dominan conceptos como “influencia”, “débeda” ou “crédito” e atopa lexitimidade un método de investigación de natureza “factualista”, como o definiu René Wellek en “The Crisis

---

<sup>3</sup> De agora en diante referiréime ás *Gespräche mit Goethe in den letzten Jahren seines Lebens (1836-1848)*, en particular á conversa do 31 de xaneiro de 1827, tradución italiana, *Colloqui con Goethe*, Bari: Laterza, 1912, vol. I, localizábel tamén no volume *Il mito della letteratura europea*, F. Sinopoli (ed.), Roma: Meltemi, 1999, pp. 88-92.

<sup>4</sup> Da “Gespräch mit Eckermann, 31. Januar 1827”, citada en F. Strich, *Goethe un die Weltliteratur, zweite, verbesserte und ergänzte Auflage*, Bern: Francke Verlag, 1957 (1946), p. 369: “Nationalliteratur will jetzt nicht viel sagen; die Epoche der Weltliteratur ist an der Zeit, und jeder muß jetzt dazu wirken, diese Epoche zu beschleunigen”. Acerca do retorno ao carácter económico da idea de *Weltliteratur* en Goethe, é dicir, sobre a súa natureza non normativa pero si descritiva da circulación e recepción entre culturas de obras, escritores e canons, véxase D. Damrosch, *What is World Literature?*, Princeton: Princeton University Press, 2003, p. 3: “less a set of works than a network”.

<sup>5</sup> J. Texte, introdución a L.-P. Betz, *La Littérature comparée. Essai bibliographique (1904?)*; esta introdución foi traducida ao italiano no *Manuale storico di letteratura comparata*, op. cit., p. 66.

of Comparative Literature” (1958)<sup>6</sup>, que aínda que sexan condenábeis tendían a non illar a obra literaria, senón a situala nun campo de relacións históricas identificadas con instrumentos filolóxicos, segundo precisas limitacións temporais e espaciais.

A superación do paradigma binarista implícito no estudo das fontes e das influencias levouse a cabo nun primeiro momento de forma, podería dicirse, “endóxena” á comparatística francesa e europea en xeral, procedendo a incluír nas diversas fases do estudo literario (aquela centrada na literatura nacional e aquela dedicada á influencia dunha literatura noutra) unha perspectiva máis xeral que intentaba estudar non tanto obras e autores como xéneros e formas literarias nunha dimensión transnacional (P. van Tieghem, *La Littérature comparée*, París: Colin, 1931). Isto comportaba un salto conceptual, tamén desde o punto de vista práctico dos procedementos das lecturas dos textos, desde o comparatismo histórico-filolóxico a un comparatismo teórico orientado a comprender o funcionamento das chamadas “leis” e dos principios xerais da literatura europea, sempre movéndose con todo sobre a base das testemuñas e relacións de carácter histórico que, unha vez organizadas, permitirían propor a existencia de fenómenos literarios de carácter xeral e non identificábeis mediante unha investigación de base exclusivamente nacional ou, como máximo, bi-nacional.

166

O paso seguinte foi aquel que levou deste comparatismo “histórico” transnacional a unha verdadeira e auténtica teoría xeral da literatura formalista, orientada á individualización non da formación histórica e transnacional das formas e os xéneros, senón á presunta existencia dunha propiedade esencial da literatura, a súa “literariedade”. Esta propiedade específica da literatura non xustificaría a separación dos outros produtos culturais nin das outras actividades humanas. Neste caso a comparación procedería, como quería Wellek, por vía a-causal e libre dos condicionamentos históricos, políticos ou xeográficos. Incluso segundo este novo paradigma crítico (pero tamén máis xeralmente mental) se podería/debería prescindir da comparación, precisamente para evitar por un lado o emprego de conceptos considerados “espúreos” con respecto ao campo literario (nación, débeda, crédito, influencia, etc.) e, por outro, a

---

<sup>6</sup> R. Wellek, “La crisi della letteratura comparata”, tradución italiana en *Concetti di critica*, Boloña: Boni, 1972. Este estudo foi publicado tamén no *Manuale storico di letteratura comparata*, op. cit., pp. 93-108; véxanse en particular pp. 104-105.

falta de focalización sobre a propia obra en canto autónoma e “totalidade diversificada” e “estrutura de signos” autosuficiente. O que cómpre reconecer, polo contrario, como mérito deste importante historiador da crítica literaria occidental moderna, entre outras cousas, é a súa insistencia na necesidade de elaborar unha pregunta –até ese momento ausente segundo a súa opinión do discurso comparatista– sobre o *sentido* que podían ter certas “relacións de feito” ou ben as numerosas análises dos chamados “paralelos literarios”, que tomados por si mesmos remataron por crear unha sorte de fragmentarismo no estudo literario e na imaxe mesma da literatura. Chamar a atención sobre a centralidade da crítica fronte ao historiografismo do XIX e de principios do XX é sen dúbida un mérito que pon en relación a Benedetto Croce<sup>7</sup> e René Wellek desde a crítica aos estudos literarios comparados.

## II. A investigación (e a perda) dunha ciencia literaria universal

Pode dicirse que unha vez chegados a este momento a través dunha revisión dos momentos máis destacábeis do desenvolvemento da “mentalidade” comparatista no ámbito literario e predominantemente occidental, a época comprendida entre finais dos anos cincuenta e finais dos anos oitenta do século XX é en realidade un período importante que viu simultaneamente a maduración e decadencia do *clasicismo teórico* orientado á individualización (sexa de matriz historicista ou idealístico-formalista) das invariantes e das normas de comparabilidade.

Incluso un comparatista extremadamente ecléctico e competente nas realidades extraeuropeas (a diferenza de Wellek) como foi René Étiemble non escapa a este “clasicismo” orientado á prescindir das “relacións de feito” no estudo das interferencias literarias, senón que se amosa decidido ao mesmo tempo a proseguir e construír unha idea xeral de literatura a través da investigación das invariantes literarias. Trátase dunha investigación practicada sobre a base, por exemplo, da comparación en paralelo ou por medio do contacto entre as literaturas europeas e as literaturas de Extremo Oriente. É o soño, dito brevemente, dunha ciencia xeral da literatura que dá a entender que pode

---

<sup>7</sup> Cfr. B. Croce, “La letteratura comparata” (1903), en *Problemi di estetica*, Bari: Laterza, 1949, pp. 71-76; reeditado en A. Gnisci e F. Sinopoli (eds.), *Manuale storico di letteratura comparata*, op. cit., pp. 73-78.

conducir a unha poética e unha retórica centradas na individualización do especificamente “intrínseco” da literatura e que se interpreta en clave “universal”, sobre a súa autonomía, por máis que individualizada a través da comparación entre sistemas literarios (poéticas) e entre ideas da literatura culturalmente distantes.

A achega de Étiemble e do seu “comparatismo militante”, como foi definido por Adrian Marino<sup>8</sup>, ao rexuvenecemento da tradición comparatista de pertenza pode ser valorado así mesmo baixo o perfil do seu rendemento en termos de extensión dos límites xeo-culturais do campo de acción da literatura comparada. Faltan, porén, por precisar desde estes momentos os límites desta nova perspectiva, que –retomada sobre todo a nivel teórico, por Earl Miner– é no mellor dos casos un intento de teoría das poéticas comparadas. Persiste con todo en ambos os casos unha especie de clasicismo teórico orientado á individualización das invariantes e das normas de comparabilidade. Étiemble desenvolve posteriormente a recuperación que se produciu en Francia durante os anos sesenta dos estudos dedicados á elaboración dunha ciencia xeral da literatura, é dicir, dunha poética xeral que volvese explícita a actitude teórica do comparatismo, xa posta de relevo por A. N. Veselovki a finais dos século XIX na súa poética histórica<sup>9</sup>. Despois da poética histórica, limitada ás formas en verso, e como reinicio dunha poética global da literatura, Étiemble propuxo a transformación do estudo histórico tradicional dos xéneros literarios occidentais nunha verdadeira análise comparada dos xéneros literarios presentes no maior número posíbel de culturas, prescindindo das “relacións de feito” e con particular atención polas literaturas do Medio e Extremo Oriente. O que se abre camiño con Étiemble é a consciencia de que non é xa posíbel elaborar teorías da literatura operando exclusivamente sobre unha base intracultural occidental<sup>10</sup>, senón que é necesaria unha verdadeira e auténtica poética comparada intercultural, nacida da consideración dos paradigmas e dos valores elaborados a partir da reflexión sobre a literatura baseada en tradicións moi diferentes entre si.

A proposta avanzada por Étiemble, xa desde finais dos anos cincuenta, consistía substancialmente nunha investigación das invariantes literarias, é dicir,

---

<sup>8</sup> A. Marino, *Étiemble ou le comparatisme militant*, París: Gallimard, 1982.

<sup>9</sup> Cfr. A. Marino, *Comparatisme et théorie de la littérature*, op. cit., p. 24.

<sup>10</sup> *Ibidem*, p. 30.

“das condicións que en cada época e lugar fan posíbel a beleza” (“as condicións sen as cales en todos os tempos e todos os lugares non hai formas belas”)<sup>11</sup>:

O día no que o estudo comparado das literaturas (xaponesa, urdu, española, támil, inglesa, tibetana, árabe, islandesa, etc.) nos permita illar os factores comúns a cada literatura e, no seu seo, a cada xénero literario teremos fundado unha retórica indiscutíbel<sup>12</sup>.

O soño dunha ciencia literaria xeral que se volve propor na comparatística europea a mediados do século XX consiste por tanto na idea de poder acadar unha poética e unha retórica verdadeiramente comparatistas grazas á posta a punto dun aparato metodolóxico capaz de manter sempre o texto literario e a súa interpretación (a súa experiencia) no centro do estudo. Unha vez verificada a insuficiencia dos instrumentos de análise empregados pola investigación de fontes, influencias e intermediarios entre dúas ou máis literaturas –insuficiencia en termos de inadecuación para dar conta do valor literario dunha obra– procúrase integrar o saber erudito co gusto estético, a investigación histórica coa reflexión crítica, ou, como di Étiemble, “le savoir et le goût”<sup>13</sup>.

Aínda que centrados na individualización do especificamente “intrínseco” (universal) da literatura, na *autonomía* e nas cualidades “esenciais” da obra literaria, unha individualización que opera xa non sobre a base da poética occidental, senón mediante a confrontación entre poesía, literaturas e poéticas de procedencia mundial, os estudos de poética comparada elaborados desde Étiemble até Earl Miner desde o mesmo período<sup>14</sup> superan con todo a dimen-

169

---

<sup>11</sup> Étiemble, “Littérature comparée ou comparaison n’est pas raison”, en *Hygiène des Lettres*, t. III, *Savoir et goût*, París: Gallimard, 1958, pp. 154-173, p. 166, da que se deduce que o traballo de Étiemble xa fora publicado o ano anterior nos *Annales de l’Université de Paris*, avril-juin 1957.

<sup>12</sup> *Ibidem*, p. 167.

<sup>13</sup> Cfr. A. Marino, *Comparatisme et théorie de la littérature*, op. cit., cap. VI, pár. 4: “La Littérature comparée”, pp. 291-306. Marino elabora o obxecto de estudo da poética comparada facéndoa o produto dunha converxencia entre dous movementos totalizantes do espírito comparatista: do conxunto das literaturas nacionais á literatura mundial e do conxunto dos resultados parciais da reflexión teórica sobre a literatura a unha teoría da literariedade. A súa proposta final coincide de feito cunha reconversión da literatura comparada nunha teoría da literatura ou nun comparatismo teórico capaz de extraer a definición da literatura da base obxectiva constituída pola totalidade das invariantes literarias, tomadas do maior número posíbel de literaturas orais e escritas (*ibidem*, pp. 296-297).

<sup>14</sup> O estudo de Miner sobre *The Japanese Tradition in British and American Literature* (Princeton: Princeton University Press) é de 1958. Os resultados da súa reflexión teórica de varias décadas sobre a aplicabilidade das regras da poética occidental ao estudo das literaturas orientais recóllense en *Comparative Poetics. An Intercultural Essay on Theories of Literature*, Princeton: Princeton University Press, 1990, traballo baseado na visión de Étiemble (*ibidem*, p. 33).

sión intracultural da Literatura Comparada, poñendo deste xeito en crise ou –o que neste caso é igual– iluminando os criterios de comparabilidade implícitamente empregados, que finalmente se convierten eles mesmos en argumento do discurso. Póñense deste modo as condicións para afrontar os límites mesmos da poética, do canon e da idea de literatura, que a irrupción dos estudos culturais poscoloniais poñerá totalmente en xogo nos últimos anos e baixo un novo punto de vista, non xa intrínseco á crítica literaria occidental e por certas formas nin sequera intraliterario, é dicir, exclusivamente interno á literatura. Pénsese neste sentido nun volume como *Death of a Discipline* (2003) de Gayatri Chakravorty Spivak<sup>15</sup>, no que a investigadora proxecta unha auténtica “dislocación” da disciplina con respecto non só ao comparatismo eurocéntrico tradicional, senón tamén aos dos campos de estudo alternativo: os chamados “Area Studies” (Estudos Interdisciplinares de Área) e os máis politizados *Cultural Studies* (Estudos Culturais). Pero retomarei máis adiante o discurso e as propostas avanzadas pola estudosa de orixe bengalí.

170

Os estudos levados a cabo por Earl Miner a partir dos anos cincuenta até principios dos noventa, así como as achegas de autorizados comparatistas posteriores que traballaron con diversa intensidade no vasto campo dos *East-West Studies* (tales como Douwe Fokkema, Dionýz Ďurišin, Edward Said e outros), defenden programaticamente a posibilidade e mesmo a necesidade de saír da dimensión intra-cultural (euro-occidental) da literatura comparada, poñendo de relevo os criterios de comparabilidade empregados, que deben ser de xeito periódico oportunamente tematizados.

Non debemos esquecer por outra banda que o estudo comparado da literatura recibe grandes pulos en dirección intercultural do ámbito da escola comparatista rusa e eslovaca, particularmente nos traballos de V. M. Zirmunski e D. Ďurišin, resituados a principios dos anos oitenta por Iuri M. Lotman<sup>16</sup> segundo a súa perspectiva culturolóxica. En 1983, nun texto dedicado especificamente a deliñar “unha teoría da relación recíproca entre as

---

<sup>15</sup> G. Chakravorty Spivak, *Death of a Discipline*, Nova York: Columbia University Press, 2003; tradución ao italiano, *Morte di una disciplina*, Roma: Meltemi, 2003. Cfr. en relación co citado volume de Spivak o número monográfico de *Comparative Literature*, 57.3, 2005: *Responding to “Death of a Discipline”*: *An Acta Forum*, pp. 200-255.

<sup>16</sup> Cfr. en particular Iuri M. Lotman, “Una teoria del rapporto reciproco fra le culture (da un punto di vista semiotico) (1983), tradución ao italiano en *La Semiosfera. L’asimmetria e il dialogo nelle strutture pensanti*, S. Salvestroni (ed.), Venecia: Marsilio, 1985, pp. 113-129.

culturas (desde un punto de vista semiótico)” Lotman pretendía desenvolver a idea de Zirmunski segundo a cal cada influencia externa acelera o desenvolvemento inmanente dunha literatura. Para este fin parte dunha constatación tan relevante como de simple comprensión:

Cómpre salientar antes de nada que permanecen fóra da atención dos investigadores moitos feitos, para os cales o estímulo para unha acción recíproca non é a semellanza e a converxencia (estadial ou de motivos, tramas, xéneros, etc.), senón a diferenza.

Pódense indicar dúas posíbeis causas de estímulo, que suscitan o interese por tal idea ou cousa e fan nacer o desexo de asimilala e facela propia: 1) ese elemento é necesario porque o comprendo, o coñezo e se insire nos valores e nas ideas que eu coñezo; 2) ese elemento é necesario porque non o comprendo, non o coñezo e non se insire nos valores e nas ideas que coñezo.

O número 1 pódese definir “investigación daquilo que é propio”, o número 2 “investigación daquilo que é estraño”<sup>17</sup>.

Interésalle por tanto comprender por que motivo sucede que un texto estranxeiro para unha literatura se converta en necesario ou incluso que un texto que forma parte da mesma literatura deba converterse de “coñecido” en “estraño”<sup>18</sup> para ser un factor activo no seu seo, como se a consciencia creativa dese sistema literario ou cultural atopase vantaxes nas dificultades presentes na comprensión dun texto novo ou relido como novo ou diferente. A este respecto considérese outra pasaxe da reflexión de Lotman:

A consciencia creativa non é posíbel nas condicións dun sistema totalmente illado, estático, monoestructural (privado polo tanto das reservas de cambio interno). Derivan disto unha serie de conclusións fundamentais para o estudo comparado das culturas e dos contactos culturais. Non pode existir un desenvolvemento inmanente da cultura sen a afluencia de textos do exterior. Este “exterior” ten xa de por si unha organización complexa. Pode ser “exterior” con respecto a un xénero dado ou a unha tradición no seo dunha determinada cultura ou poder ser “exterior” con respecto ao ámbito delimitado dun trazo metalingüístico, que divide todas as informacións dunha cultura en culturalmente existentes (“elevadas”, “válidas”, “culturais”, “presentes desde sempre”) e en culturalmente inexistentes, apócrifas (“baixas”, “non dotadas de valor”, “estrañas”, etc.). En definitiva, son “externos” os textos estranxeiros que proceden doutra tradición nacional ou cultural ou doutra área. O

---

<sup>17</sup> *Ibidem*, pp. 114-115.

<sup>18</sup> *Ibidem*, pp. 115-116.

desenvolvemento da cultura, como o da consciencia creativa, é un acto de intercambio e presupón sempre unha “outra” parella para a súa realización. Isto determina dous procesos contrarios. Tendo necesidade dunha parella, a cultura crea cos propios esforzos este “estraño” portador doutra consciencia, que codifica de modo diferente o mundo e os textos. Esta imaxe creada nas vísceras da cultura —en contraste cos seus códigos dominantes— é a súa proxección cara ao exterior e unha proxección de si mesma sobre mundos culturais que se atopan fóra dela. Son exemplos característicos a este respecto as descrições etnográficas das culturas “exóticas” realizadas polos europeos [...] ou a descrición da vida dos xermanos feita por Tácito. Por outra parte, a introdución de estruturas culturais estrañas no mundo interno dunha cultura comporta a creación dunha lingua común e isto, á súa vez, esixe a interiorización destas estruturas. A cultura debe por tanto interiorizar a cultura externa no interior do seu mundo. Este proceso é sempre dialecticamente contraditorio. A imaxe interna dunha cultura externa está dotada dunha lingua de intercambio co mundo cultural ao que é incorporada. Precisamente esta facilidade comunicativa está vencellada á perda de certas propiedades do obxecto externo reproducido e a miúdo daquelas que son máis válidas como estimulantes<sup>19</sup>.

172

Nas últimas liñas desta sintética recapitulación sobre o funcionamento do proceso creativo das culturas segundo Lotman, no que se apunta<sup>20</sup> á posíbel diminución, na tradución do “outro” por parte dunha cultura, das súas propiedades máis características e estimulantes, maniféstase aínda mellor e en termos xerais —ofrecidos pola ciencia da semiótica cultural— aquel proceso que indicabamos desde o principio como mecanismo de ilusión da diversidade<sup>21</sup>. Naturalmente trátase de acudir a outras ciencias, e entre elas á antropoloxía en primeiro lugar, para comprender plenamente que levou especificamente á cultura occidental a realizar o mecanismo máis eficaz, nos seus méritos negativos, de ilusión de diversidade.

A teoría de Lotman da reciprocidade entre as culturas inspírase, como dicía antes, tamén nas teses elaboradas por Dionýz Ďurišin —a partir dos anos seten-

---

<sup>19</sup> *Ibidem*, pp. 124-125.

<sup>20</sup> Para despois testemuñalo concretamente mediante exemplos tomados da historia literaria e a historia cultural rusa (os dous exemplos útiles atinxen o primeiro á imaxe de Pushkin nos seus lectores e o segundo á imaxe —ideal e non real— de Occidente no tipo de intelectual coñecido como occidentalista ruso). *Ibidem*, pp. 125-126.

<sup>21</sup> Para unha actualización da relación entre semiótica e as outras ciencias da cultura (antropoloxía, socioloxía, *Cultural Studies*), véxase o volume *Incontri di culture. La semiótica tra frontiere e traduzioni*, P. Calefato, G. P. Caprettini, e G. Colaizzi (eds.), Torino: Utet, 2001.

ta e sobre a base dos estudos de teoría do texto– ao redor do funcionamento do mecanismo do “contacto”<sup>22</sup>.

Đurišin considerou máis útil reformular o estudo da literatura e indicar a viabilidade a través do uso do concepto de “comunidade interliteraria”, que se refire ás relacións e ás afinidades entre literaturas pertencentes a unha área xeográfico-cultural específica. Disto derivase que ao existir moitas áreas xeográfico-culturais no mundo fose necesario a identificación de comunidades interliterarias específicas<sup>23</sup>. Existen sistemas constituídos de diferentes literaturas que comparten unha área determinada, as cales exemplifican no seu funcionamento o proceso interliterario da “literatura mundial”: é o caso da comunidade das literaturas do Mediterráneo (de todo o Mediterráneo, desde a península Ibérica até as costas de Asia Menor), que Đurišin identificou como modelo concreto –e polo tanto máis facilmente observábel– da literatura mundial<sup>24</sup>.

Esta orientación do pensamento de Đurišin acerca das modalidades do estudo do proceso interliterario universal (aquilo que permanece da goetheana *Weltliteratur*) é posíbel pola “razón comparatista”, cando chega a pensar a realidade mesma como marco de diferenzas e intercambios<sup>25</sup>. O estudo, en cambio, da relación entre a literatura e a presuposición dunha realidade cultural plural que subxace a ela –é dicir, o contexto ou *location*– define a partir dos anos cincuenta o horizonte das “poéticas comparadas”, ou sexa, o estudo inter-

---

<sup>22</sup> Esas teses expóñense no seu volume *Theory of Literary Comparatistics*, Bratislava: Veda, 1984, pp. 107-130.

<sup>23</sup> De aquí deriva o proxecto realizado a partir da segunda metade dos anos oitenta cunha serie de publicacións colectivas, coordinadas polo propio Đurišin e dedicadas ás comunidades interliterarias: *Osobitné medziliterárne spolocestva – Communautés interlittéraires spécifiques 1-6*, Bratislava: Slovenská Akadémia Vied, Ústav Svetovej Literatúry, 1987-1993. A partir da base das investigacións levadas a cabo nos devanditos volumes, Đurišin realizou unha nova interpretación sistemática da literatura en *Teória medziliterárneho procesu – Théorie du processus interlittéraire*, Bratislava: SAV-USL, 1995.

<sup>24</sup> Trátase, para ser máis precisos, dun conxunto rexional aínda máis amplo que aquel habitualmente constituído por unha comunidade interliteraria, unha sorte de área centrípeta na que veñen converxer diversas comunidades interliterarias. É por este motivo que Đurišin prefire falar, incluso polo que se refire á comunidade interliteraria mediterránea, de “centrismo” interliterario. Cfr. D. Đurišin, *Théorie du processus interlittéraire*, op. cit., pp. 69-78, “On voit que la méditerranéité est un des phénomènes du processus interlittéraire qui englobe des facteurs et des liens intercontinentaux et dépasse ainsi les ensembles historiographiques conventionnels et leurs frontières. Cela confirme la thèse que la méditerranéité ne peut pas être reserrée dans les frontières traditionnelles de l’explication récente de l’historiographie littéraire qui prend la littérature nationale comme le point de départ et ne peut pas ainsi dépasser les frontières entre les continents” (p. 73).

<sup>25</sup> Cfr. D. Đurišin, e A. Gnisci (eds.), *Il Mediterraneo: una rete interletteraria*, Roma: Bulzoni, 2000.

cultural dos sistemas literarios occidental e oriental. Os límites desta orientación, sobre o eixe horizontal Extremo Oriente-Occidente, en prexuízo dunha consideración autenticamente mundial do proceso literario, orientada por exemplo tamén a África e India, foron tomados en consideración entre os anos oitenta e noventa por algúns investigadores da escola india dos *Subaltern Studies*, como Spivak, ou por intelectuais africanos como Ngugi Wa Thiong'o<sup>26</sup>, e incluso antes polo que se refire ás relacións entre Occidente e Oriente Próximo por Edward Said. Dos inicios dos noventa é tamén un exemplo relevante de estudo intercultural das poéticas, como o volume de Earl Miner *Comparative Poetics. An Intercultural Essay on Theories of Literature*<sup>27</sup>. Trátase daquilo que o mesmo autor define como o intento dunha ampla investigación comparada —a primeira da súa clase— sobre a poética entendida en clave intercultural<sup>28</sup>. Non é cuestión ampliar a poética que xa é familiar para nós (a occidental), senón de intentar crear puntos de referencia alternativos<sup>29</sup> tanto na contrapartida oriental como na mesma poética occidental. O resultado obtido por Miner é o de amosar, en última instancia, a limitación, en relación co resto de sistemas literarios non occidentais, da chamada poética da “mímese” —baseada explicitamente no xénero dramático— e o sentido das súas carencias na vertente da afectividade, é dicir, da consideración do lector, o espectador, o receptor. Carencias resoltas por Horacio como complemento da poética aristotélica, pero sempre no seo da mesma, como indica Miner negando á *Ars poetica* a identidade dunha poética “xenerativa” autónoma, ou sexa, orixinal e inaugural<sup>30</sup>. En síntese, polo que se refire á poética occidental e incluso tomando en consideración a achega de Horacio, Miner fala de “poética mimético-afectiva”<sup>31</sup>. As poéticas xenerativas nacidas baixo o signo da aten-

<sup>26</sup> Véxase de Ngugi Wa Thiong'o, *Decolonizing the Mind. The Politics of Language in African Literature*, London: Heinemann, 1986 e *Moving the Centre: The Struggle for Cultural Freedom*, London: Heinemann, 1993; traducido ao italiano: *Smuovere il centro*, Roma: Meltemi, 2000.

<sup>27</sup> *Comparative Poetics. An Intercultural Essay on Theories of Literature*, Princeton: Princeton University Press, 1990; traducido ao italiano: *Poetiche della creatività*, Roma: Armando Editore, 1999.

<sup>28</sup> E. Miner, *op. cit.*, p. 3: “Comparative poetics is, then, by its nature an extensive, complex subject. Any effort to address the subject makes grand claims. One part at least of the title of this book is modest, ‘An ... Essay’, an attempt: the necessary description for a first book-length comparative exploration of poetics conceived interculturally”.

<sup>29</sup> *Ibidem*, p. 4.

<sup>30</sup> *Ibidem*, pp. 216-217. A noción de “poética xenerativa” é presentada nestes termos: “The thesis of this essay is that an originative poetics develops when a critic or critics of insight defines the nature and conditions of literature in terms of the then most esteemed genre. By ‘genre’ is meant drama, lyric, and narrative. These ‘foundation genres’ may be termed by other names —kinds, modes, radicals of presentation, whatever” (p. 7).

<sup>31</sup> *Ibidem*, p. 9.

ción polo efecto da palabra no lector –poéticas que toman implícita ou explicitamente como marco de referencia a poesía lírica– son polo contrario, segundo Miner, aquelas de Oriente Medio e Extremo Oriente (indias, chinesas, xaponesas, coreanas). No seo deste cadro xeral, obtido da confrontación dunha multiplicidade de poéticas, Miner procura establecer aqueles principios capaces de regular estes diversos mundos poéticos e as súas relacións recíprocas<sup>32</sup>. O obxecto de polémica é o prexuízo de evidenciar en canto tal –en caso de que poida ser de utilidade, pero sempre coa consciencia que se está a coñecer algo a través disto– por unha banda a actitude europea, pero tamén chinesa, segundo a cal a literatura propia (o mellor dito, a poética xeral á que esta literatura está a referirse) constitúe a literatura universal e, por outra, a idea da intraducibilidade e unicidade da propia literatura, cultivada por exemplo pola cultura xaponesa e, en Occidente, pola hebrea<sup>33</sup>.

Unha participación de Miner en 1989 sobre “Os estudos comparados interculturais” contén os principios xerais que presiden a elaboración do volume enriba citado sobre a poética comparada. Ademais aborda con maior detalle a cuestión da comparación en canto tal ou, mellor dito, da necesidade de reflexionar por vía teórica sobre a súa natureza. Esa reflexión toma como punto de partida a constatación de que as categorías empregadas pola crítica literaria occidental non funcionan cando son “aplicadas” ao estudo dos sistemas literarios non occidentais. Segundo Miner, o estudo literario intercultural, ou sexa, a comparación que escolle como cadro de referencia os textos das poéticas das tradicións culturais non contiguas nin historicamente nin xeograficamente, é a vía ideal para afrontar a natureza mesma da comparación, ademais do estatuto de validez das categorías críticas do sistema literario occidental. Vexamos pois cales son os criterios da comparación intercultural. En primeiro lugar, as linguas literarias implicadas na comparación deben pertencer a familias diferentes; a relación de influencia non posúe ningún papel relevante; discútese de influencia tan só no ámbito da recepción, de xeito que a influencia é vista como aquilo que condiciona a recepción en canto froito dunha hexemonía cultural e política exercida por unha determinada cultura con respecto a outra; dáse importancia á mediación que en certos casos unha

---

<sup>32</sup> *Ibidem*.

<sup>33</sup> *Ibidem*, pp. 236-237: “both claims are founded on presumptions of exclusivity, of ruling out, the excluded reader is tempted to ignore the literature of the claimant. To ignore, that is, as long as cultural politics allows it. Only the benign version of combination permits genuine comparative study”.

terceira cultura cumpre entre dúas culturas; os xéneros literarios non son por si mesmos universais, senón que a comparación pode evidenciar que a miúdo a aquilo que comunmente se considera un mesmo xénero invariábel non corresponden efectivamente prácticas literarias idénticas, incluso pode darse o caso que xéneros diferentes cumbran, en contextos culturais diferentes, as mesmas funcións. En síntese, para Miner non é posíbel falar de “literatura”, nin de comparación *tout court* en termos exclusivamente intraculturais (é dicir, occidentais). Sostén que para comprender que é a literatura cómpre partir do feito de que de “literatura” se fala no seo da formación de ideas críticas sobre a literatura, no seo das poéticas, e polo tanto no seo de sistemas de reflexión sobre a literatura que están localizados en condicións históricas determinadas, que teñen os seus propios xéneros, canons e periodizacións. En última instancia, son condición inicial e precepto ético final do discurso crítico de Miner a idea de que para relacionarse coa literatura –especialmente se se estuda profesionalmente– cómpre partir da constatación de que se formaron diversos sistemas literarios, ademais do noso occidental, noutras culturas, cuxos parámetros xerais non coinciden co noso modo de entender a literatura. Soamente, polo tanto, a través do estudo intercultural da literatura podemos verificar a validez dos parámetros que empregamos, o feito de estar “situados”. Trátase daquilo que Miner define de xeito eficaz como “proba da alteridade”:

Paréceme que existen tres posibilidades de uso da comparación intercultural e as tres implican, cada unha ao seu modo, tipos válidos de comparación. A característica do primeiro método, que propono denominar a *proba da alteridade*, consiste en utilizar algúns elementos pertencentes a unha cultura para explicar feitos menos familiares noutra, de xeito que a primeira sexa o elemento *probante* e a segunda *aquilo que é probado* e explicado. Para ser precisos, a proba que se serve de elementos pertencentes a unha cultura diversa é empregada sabendo que os elementos probantes e aqueles probados non son semellantes, pero son precisamente comparábeis. Mediante un uso consciente da diferenza máis radical e dos elementos que son recoñecidos como semellantes só en parte quérese explicar aquilo que é posto a proba e é esta diferenza a que permite a comparación<sup>34</sup>.

Outro aspecto da transformación da comparatística intracultural eurocéntrica en estudo intercultural é a chamada cuestión do “canon”<sup>35</sup>. Todo isto en

<sup>34</sup> E. Miner, “Gli studi comparati interculturali”, en A. Gnisci, F. Sinopoli (eds.), *Manuale storico di letteratura comparata*, op. cit., pp. 145-181 (p. 169).

<sup>35</sup> Dúas publicacións poden citarse aquí como ilustradoras da cuestión: Jan Gorak, *The Making of the Modern Canon. Genesis and Crisis of a Literary Idea*, London & Atlantic Highlands, NJ, 1991 (en

coincidencia e, en certos casos, en confluencia co novo punto de vista crítico sobre a literatura e sobre os estudos literarios ofrecido polas teorías denominadas “poscoloniais” e pola crítica literaria postestruturalista, que se desenvolveron a partir do rexeitamento da idea de “texto pechado”.

### III. O canon literario como campo de investigación da cuestión “intercultural”

Entre os diversos lugares temáticos elixíbeis como campo de discusión e de verificación de que é a cuestión intercultural nos estudos literarios de ámbito comparatista, o canon é certamente aquel que pode ofrecer, por unha banda, numerosas respostas á emerxencia desta nova instancia crítica e, por outra, ás condicións actuais unha ocasión de permeabilidade entre discursos tradicionalmente autosuficientes, tales como, para limitarmos a algúns exemplos-tipo, o literario, o político, o relixioso, o antropolóxico ou o sociolóxico.

A cuestión do canon é de feito un aspecto central, tan relevante como aquel do estudo das poéticas mundiais, para comprender a transformación da comparatística intracultural ou eurocéntrica en estudo intercultural. A cuestión do canon é un dos argumentos máis discutidos do ámbito comparatista e ten sido reconducido ao centro do estudo literario por parte daqueles que traballan nos chamados *Cultural Studies*, *Postcolonial Studies* e *Gender Studies*. É precisamente en relación co pulo destas novas perspectivas de estudo que a literatura comparada incrementou ulteriormente o seu interese pola cuestión intercultural, producindo en consecuencia unha reforma substancial do propio estatuto disciplinar e dos propios obxectos de investigación, que desde a Segunda Guerra Mundial en adiante proviñan esencialmente da tradición cultural europea e occidental “elevada”.

---

particular o capítulo 6 “Edward Said and the Open Canon” e as conclusións sobre “Cultural Studies: Towards a New Canon?”) e John Guillory, *Cultural Capital. The Problem of Literary Canon Formation*, Chicago & London: The University of Chicago Press, 1993 (parte primeira: “Canonical and Noncanonical: The Current Debate”). Véxase tamén a voz Canon e afíns en R. Ceserani, *Guida allo studio della letteratura*, Milán: Laterza, 1999, Sección: “Approfondimenti”, e o fascículo 29-30, X, 1998, da revista dirixida por R. Luperini *Allegoria* e, como exemplo da complexidade dos temas afrontados mediante a discusión da cuestión do “canon” e os seus modelos de canon o volume *Il giudizio di valore e il canone letterario*, L. Innocenti (ed.), Roma: Bulzoni, 2000, que publica gran parte das achegas ao congreso da Associazione Sigismondo Malatesta sobre “o xuízo de valor e o canon literario” (1997).

En Italia, Remo Ceserani, quen examinou analiticamente e en diversos lugares o debate americano arredor da revisión do canon entre os anos oitenta e noventa, subliña como a polémica contra o eurocentrismo dos estudos literarios tradicionais se converteu até certo punto en obsesiva:

Toda esta actividade de discusión e redefinición dos canons ten como presuposto a asunción dunha precisa posición teórica; trátase da convición de que os canons non son o recoñecemento dunha escala de valores estéticos ou morais ríxidos e fixos no tempo, senón unha formación histórica; correspóndense cun particular programa educativo da sociedade e deben ser continuamente revisados e reformados para adaptarse ás novas esixencias<sup>36</sup>.

Ceserani subliña así mesmo a razón pola que o debate sobre o canon se converteu nunha cuestión tan central na sociedade americana: o recoñecemento dun canon corresponde a un determinado proxecto educativo e, polo tanto, a unha idea da relación entre individuo e sociedade, sendo o canon mesmo un produto social<sup>37</sup>. Trasladado ao caso da sociedade italiana, o debate sobre o canon podería conducir segundo Ceserani a liberar oportunamente a aproximación á literatura italiana do modelo historicista decimonónico, funcional desde hai dous séculos na formación da identidade nacional, para “substituílo cunha libre aproximación aos textos, recuperando a verdadeira historicidade”<sup>38</sup>. Levando adiante o discurso de Ceserani, en realidade o debate sobre o canon unha vez empregado para facer unha relectura atenta da identidade italiana, como están a facer os historiadores<sup>39</sup>, podería constituír un vasto campo operativo común para a comparatística e a italianística local<sup>40</sup>.

O nexos entre reforma do canon, incluso a nivel das institucións encargadas da súa transmisión, e a cuestión da identidade nacional sitúase, volvendo ao contexto internacional, no corazón das posicións asumidas a principios dos

---

<sup>36</sup> Véxase, por exemplo, R. Ceserani, “Canonnate”, número especial de *Inchiesta letteratura*, 1995, pp. 67-74.

<sup>37</sup> R. Ceserani, *Appunti sul problema dei canoni*, en *Allegoria*, 29-30, 1998, pp. 58-74 (p. 61). Pero toda a primeira parte do número trata sobre o canon (con achegas de R. Luperini, C. Rivoletti, H. R. Jaus, A. Battistini, R. Ceserani, G. Ferroni, G. Guglielmi, N. Pasero, C. Segre).

<sup>38</sup> *Ibidem*, p. 71.

<sup>39</sup> Entre as últimas publicacións, véxase de L. Di Nucci e E. Galli della Loggia, *Due nazioni. Legittimazione e delegittimazione nella storia dell'Italia contemporanea*, Boloña: Il Mulino, 2004.

<sup>40</sup> Un aire europeo ten o volume a contracorrente do italianista A. Quondam, *Petrarca, un italiano dimenticato*, Milán: Rizzoli, 2004, quen rele a invención da tradición cultural italiana e do seu canon literario no *Risorgimento* baixo a luz do recente exame crítico da formación das identidades nacionais en Europa entre os séculos XVIII e XX.

anos noventa por dous comparatistas culturalmente distantes, o americano Charles Bernheimer e a chinesa Yue Daiyun, cando ambos tiñan naquel momento cargos de responsabilidade nas respectivas asociacións nacionais de literatura comparada.

A cuestión do canon e a redefinición dos límites do comparatismo literario estiveron no propio centro de interese do chamado “Informe Bernheimer”, unha relación do estado da disciplina nas universidades dos Estados Unidos coordinado por Charles Bernheimer en 1993 por encargo da *American Comparative Literature Association* (ACLA) da que é necesario partir para comprender as posicións asumidas pola propia Spivak en *Morte dunha disciplina* e dos participantes no “2004 State of the Discipline Report” publicado pola ACLA, en particular por David Damrosch. Polo que se refire ao canon, Bernheimer facía da súa revisión un dos puntos cardinais da formación teórica dos novos comparatistas que se preparaban para conseguir un doutoramento en literatura comparada nos anos noventa:

A nosa disciplina debería comprometerse activamente tanto no estudo comparado da constitución do canon literario como na súa reformulación. Deberíase así mesmo prestar atención ao papel das interpretacións “insólitas” dos textos canónicos, das lecturas que proveñen de perspectivas contestatarias, marxinais ou subalternas. O esforzo de producir este xénero de interpretacións, predominantes recentemente por exemplo na teoría feminista e na teoría poscolonial, completa a investigación crítica sobre o proceso de formación do canon –que consiste na pregunta sobre como nacen e se consolidan os xéneros literarios no seo dunha cultura determinada– e anima os intentos de expansión do canon mesmo<sup>41</sup>.

A cuestión que atinxe aos límites disciplinares da literatura comparada, que a define desde o seu nacemento académico, foi estimulada pola emerxencia das novas instancias críticas propostas polos *Cultural Studies*<sup>42</sup>. Neste caso

---

<sup>41</sup> Ch. Bernheimer, “La letteratura comparata alle soglie del nuovo secolo”, en A. Gnisci, F. Sinopoli, *Manuale storico di letteratura comparata*, op. cit., pp. 182-196 (pp. 190-191).

<sup>42</sup> Unha presentación sintética das orixes e dos intereses deste campo de estudos pode atoparse en *Teoria della letteratura. Prospettive dagli Stati Uniti*, D. Izzo (ed.), Roma: La Nuova Italia Scientifica, 1996, cap. 6: “I Cultural Studies”, de M. C. Luli, e no *Dizionario degli studi culturali*, dirixido por M. Cometa, R. Coglitore e F. Mazzara (eds.), Roma: Meltemi, 2004. Para unha profundización sobre a relación entre semiótica e *Cultural Studies*, véxase “Frontiera e identità tra Semiotica e Cultural Studies: prime definizioni”, de C. Demarca, L. Mascio e L. Spaziante, en *Incontri di culture*, op. cit., pp. 96-104.

Bernheimer non excluía que os modelos antropolóxicos e etnográficos do estudo comparado das culturas puidesen ser tan útiles para a investigación sobre a literatura como os de derivación crítica e teórico-literaria. Se no centro de interese do comparatista literario se atopa non só a posta en crise do canon occidental, senón tamén o paso desde a cuestión da descolonización do canon á posta a punto dunha pluralidade de canons –transformación determinada polo interese da teoría literaria pola identidade do texto elaborado nun contexto multicultural<sup>43</sup>–, dérivase disto no campo académico a necesidade de recontextualizar en sentido multicultural a tradición occidental, evitando porén o monolingüismo e a limitación á cultura popular propia dos *Cultural Studies*:

Do mesmo modo os modelos antropolóxicos e etnográficos empregados polo estudo comparado das culturas poden adaptarse a certos tipos de clases tanto como os derivados da crítica e da teoría literaria. Os departamentos e cátedras que participan en programas comúns deberían prodigarse en congregar a persoal docente procedente de departamentos de literaturas extra-europeas e de disciplinas lindeiras [...] para contribuír a ampliar a capacidade cultural daquilo que a literatura comparada pode ofrecer. En calquera contexto que se practique, o multiculturalismo debería ser afrontado non como un modo politicamente correcto de adquirir informacións máis ou menos pintorescas sobre os outros, que en realidade non queremos coñecer, senón como un instrumento apto para promover unha reflexión significativa sobre as relacións, as traducións, o diálogo e a discusión entre as culturas. [...] Pero debemos estar atentos a non identificármonos con este recente campo de investigación, no que a meirande parte dos estudosos propende ao monolingüismo e se focaliza en cuestións que afectan a culturas populares contemporáneas específicas<sup>44</sup>.

É sobre esta base que Bernheimer propón unha redefinición dos modelos actuais de literatura comparada, revalorando por unha banda a tradución en canto operación paradigmática para afrontar a comprensión das tradicións

---

<sup>43</sup> Refírome en particular a Roberto F. Retamar, "La contribución de la literatura de la América Latina a la literatura universal en el siglo XX", en *Para una teoría de la literatura hispanoamericana*, primeira edición completa, Santafé de Bogotá: Instituto Caro y Cuervo, 1995, pp. 216-235; traducido ao italiano en F. Sinopoli (ed.). *La letteratura europea vista dagli altri*, Roma: Meltemi, 2003, pp. 155-176. Retamar afirma non querer propor un canon meramente substitutivo e contestativo do occidental, senón, mediante unha fase de elaboración e de confrontación coa pluralidade dos canons, promover un modelo do futuro canon "mestizo" da literatura mundial: "Reconocer la plena incorporación reciente de la literatura latinoamericana a la literatura mundial en formación no implica en absoluto postular o aplaudir la sustitución de un parroquialismo por otro; sino, al contrario, comprobar en qué medida se va ensanchando el horizonte real de la humanidad" (p. 235).

<sup>44</sup> Ch. Bernheimer, "La letteratura comparata alle soglie del nuovo secolo", *op. cit.*, pp. 191-192.

diferentes baixo o perfil das prácticas discursivas e, por outra, abrindo a análise literaria ao campo total de produción dunha cultura. O informe de Bernheimer nacía substancialmente como reacción á impostación e ao papel precedentes da literatura comparada no *establishment* universitario norteamericano. De feito, intentaba superar, como é evidente, os límites do internacionalismo eurocéntrico e das tradicións culturais “elevadas”, nacido despois da Segunda Guerra Mundial, modelo que servira de base á teoría literaria de René Wellek e do que son testemuñas os informes dirixidos por Harry Levin e Thomas Greene respectivamente en 1965 e 1975<sup>45</sup>.

Xunto a esta perspectiva dos estudos comparatistas nos Estados Unidos, e sempre coa vista posta na superación do eurocentrismo nos estudos literarios, Yue Daiyun, docente na Universidade Beida de Pequín, na súa intervención de apertura dun Congreso da Asociación Chinesa de Literatura Comparada (1996) recorría á historia do internacionalismo como característica dominante da disciplina amosando os cambios de sentido, a partir do “centrismo” europeo –e polo tanto dun internacionalismo intracultural e imperialista na súa confrontación con outras culturas–, persistente incluso máis alá da metade do século XX, até chegar a un internacionalismo intercultural, nunha época –a nosa– poscolonial, exemplificado na relación entre cultura chinesa e cultura occidental:

Na óptica dos países que foron colonizados, total ou parcialmente, hoxe o problema principal é como relacionarse coa propia cultura tradicional no contexto global poscolonial.

A primeira cousa na que pensan os pobos dos países colonizados, cuxa cultura tradicional absorbeu durante moito tempo a occidental, unha vez liberados da opresión do colonialismo, é como restaurar a súa cultura orixinaria, para despois difundila noutros lugares. Esta tendencia é totalmente lícita e non pode ser censurada. A miúdo, porén, esta tendencia comporta un sentimento extremo de pertenza nacional, polo que algúns estiman que a cultura chinesa, tendo sido sometida durante centos de anos, debe hoxe erguer a cabeza e amosar a “propia unicidade” ao mundo entero [...] En definitiva, estas persoas afirman que o eurocentrismo, saíndo da escena, deixou o seu lugar ao centrismo oriental [...] Obviamente este modo de pensar non ofrece nada de novo, xa que non fai máis que reproducir nunha época e nun contexto diferentes todos os erros das teorías eurocéntricas do pasado. Que a

---

<sup>45</sup> Ambos os informes foron reeditados en *Comparative Literature in the Age of Multiculturalism*, Ch. Bernheimer (ed.), *op. cit.*, pp. 21-27 e 28-38.

cultura chinesa poida ser acollida e utilizada por outras culturas non é algo que China sexa quen de decidir. En primeiro lugar cómpre ver se a cultura (e a literatura) chinesa pode ser comprendida polos outros, se pódese ofrecerlles algún elemento significativo, converténdose na fonte do desenvolvemento da súa cultura até o punto de ser conscientemente asimilada. *Hoxe o encontro entre a cultura oriental e a occidental pode e debe ser completamente diferente que no pasado, un intercambio voluntario en dous sentidos, baseado sobre os principios do beneficio mutuo, do coñecemento recíproco e do uso recíproco. Ese intercambio é a base do novo internacionalismo da literatura comparada na época poscolonial*<sup>46</sup>.

Sobre a base do contacto e o diálogo entre diversas culturas, aos que a investigadora chinesa aplicaba a coñecida teoría da refracción de Pierre Bourdieu a propósito da relación entre fenómenos sociais e a literatura<sup>47</sup>, e lendo ese contacto en termos de *misreading* por parte da cultura receptora, abríase camiño a idea dun sistema multicultural gobernado pola lei do diálogo, entendido como asimilación recíproca, e por unha serie de teorías da literatura que aínda que naceron en contextos culturais diferentes poidan ser empregadas noutros lugares. Este proceso de ósmose, debate e aproximación entre diferentes teorías nacionais foi considerado por Yue Daiyun unha fragua de conceptos, categorías e temas novos:

As teorías literarias contemporáneas poden facer evolucionar as problemáticas que afrontan, sumando as experiencias e as teorías acumuladas durante moito tempo por todas as culturas nacionais do mundo e poden procurar, partindo de perspectivas diferentes, unha solución ás cuestións que a humanidade atopa na literatura [...] Estes conceptos, temas e categorías, operantes sobre a base da converxencia leste/oeste e do nexo antigo/moderno, ademais de facer da teoría literaria unha disciplina que entra nunha nova fase de “mundialidade” e “modernidade” lograrán no seu mutuo contraste amosar máis claramente a verdadeira face, o verdadeiro valor e o verdadeiro espírito de cada poética nacional. Neste proceso, tamén o internacionalismo e a nacionalidade da literatura comparada coñecerán unha nova evolución<sup>48</sup>.

Yue parece confiar na superación de calquera tentación universalizante “parcial”, sexa occidental ou oriental, e faíno a partir non dunha concepción

---

<sup>46</sup> Yue Daiyun, “Internazionalismo e nazionalità della letteratura comparata”, en A. Gnisci, F. Sinopoli, *Manuale storico di letteratura comparata*, op. cit., pp. 197-227 (pp. 201-201); a cursiva é miña.

<sup>47</sup> P. Bourdieu, “The Field of Cultural Production, or: The Economic World Reversed”, *Poetics*, 12. 3-4, 1983, pp. 311-356.

<sup>48</sup> Yue Daiyun, “Internazionalismo e nazionalità della letteratura comparata”, op. cit., p. 214.

xerárquica que sitúe un saber xeral sobre a literatura por enriba de todos os outros, senón dunha posibilidade plural de teorías formuladas sobre a literatura e do seu intercambio. A segunda razón pola que esta proposta parece responder adecuadamente aos problemas comúns da nova orde mundial dos estudos literarios que se impuxo a partir dos anos noventa reside no feito de que a pluralidade das teorías non é asumida no seo dunha perspectiva meramente relativista, horizontal, na que o grao máis elevado de cientificidade parece estar garantido pola menor importancia da dialéctica do conflito, senón que é unha perspectiva segundo a cal o particular contén en si mesmo a posibilidade de preservar o xeral; dito máis concretamente, unha perspectiva na que se dá forza á capacidade e vontade dunha cultura de traducir en si elementos (e tamén teorías) doutras culturas, incorporando e empregando –e por isto mesmo salvagardando– tanta máis diversidade posíbel. Este grao de xeneralidade era entendido, polo tanto, segundo Yue, como taxa de comunicabilidade dunha cultura e polo tanto, no que se refire especificamente ao campo dos estudos literarios, isto consistía no tipo de filtros e de manipulacións que unha cultura exercera na confrontación das teorías literarias e das poéticas elaboradas noutros contextos culturais. Unha consecuencia histórica importante desta visión é o feito de que nunha condición de poscolonialismo cultural poden practicarse dúas vías: o endurecemento na propia cultura en termos de recuperación obsesiva dunha (pura) tradición perdida ou a interpretación da propia cultura tradicional con ollos modernos. Para Yue esta segunda posibilidade tería permitido a unha cultura volverse comprensíbel para outras e traducir en si mesma o outro:

En realidade, se nos liberásemos daqueles modos de pensar orientais e occidentais que resultan ser en certo xeito demasiado codificados e antitéticos e comezásemos a mirar con ollos novos a globalidade, xa non sería máis importante saber de onde nace unha teoría. Para ser adoptada, bastaría que fose racional, útil e que servise para resolver problemas concretos [...] Obviamente, o que se acaba de dicir constitúe tan só un aspecto do problema. Outro é que durante o pasado dominio colonial a produción cultural nacional nos territorios colonizados e semicolonizados non podía substraerse á opresión da hexemonía das culturas coloniais, mentres que, nunha situación de poscolonialismo, o desenvolvemento do multiculturalismo debería implicar espontaneamente un novo florecemento das culturas nacionais. Deste xeito probabelmente as nacionalidades non occidentais volverán contemplar a propia cultura tradicional con ollos modernos, enriquecerana con novas interpretacións, farana comprensíbel para outras nacionalidades, contribuíndo ao desenvolvemento da cultura humana. *Isto significa que as*

*teorías producidas en terreos culturais distintos do occidental serán posibelmente usadas para “explicar” a cultura occidental, achegando unha benéfica contribución da que Occidente fará uso*<sup>49</sup>.

Intentando extraer algunhas conclusións, parecería lexítimo afirmar que na tradución do outro en nós é máis probábel que nós mesmos sexamos traducíbeis para o outro. En termos menos xerais e en relación co destino actual da literatura comparada, isto viría indicar na súa reformulación como disciplina xeral do estudo literario a necesidade compartida a nivel mundial dun horizonte e dunha fronteira comúns nas que discutir, a través da literatura, cuestións culturais dun interese xeral.

Na posición crítica asumida en Italia por Armando Gnisci a este respecto podemos atopar máis dun elemento de conexión cos diversos discursos producidos actualmente polos comparatistas que traballan no horizonte intercultural. Gnisci propón de feito considerar hoxe a literatura comparada –disciplina nacida, xunto á antropoloxía, na fase de transformación do colonialismo europeo en auténtico imperialismo económico e cultural– como un horizonte intercultural e como “disciplina de descolonización”, a cal, se para os países que se descolonizan de Occidente consiste nunha serie de estratexias críticas rematadas coa realización da descolonización da propia cultura (e da propia literatura) de Occidente, para os europeos constituiría pola súa banda a vía de pensamento, de autocrítica e de educación para a descolonización do propio eurocentrismo, precisamente grazas á tradución en si mesmo da crítica feita polos propios europeos ao eurocentrismo:

A literatura comparada, por tanto, non é a xuntanza mundial dos investigadores da comparatística literaria reunidos para discutir de cuestións e de temas especializados desde diversos puntos de vista metodolóxicos e desde diversas partes do mundo. A literatura comparada representa, polo contrario, o horizonte intercultural que permite aos literatos de todo o mundo xuntarse para *compararse* con respecto a cuestións e problemas xerais importantes para toda a humanidade do noso tempo e do futuro [...] Cando propoño a literatura comparada como disciplina de descolonización, porén, non estou a expoñer reflexións de carácter xeral, senón que pretendo *tomar posición* de

---

<sup>49</sup> *Ibíd*em, pp. 210-211 (a cursiva é miña). Da mesma investigadora e sobre o mesmo argumento véxase “Cultural Differences and Cultural Misreadings”, *New Perspectives. A Comparative Literature Yearbook*, 1, 1995, pp. 13-19, traducido ao italiano en F. Sinopoli (ed.), *La letteratura europea vista dagli altri*, op. cit., pp. 137-144.

xeito programático e político a partir da nosa profesión de literatos [...] entendo neste caso “disciplina” xa non como un sector especializado da organización académica occidental, senón como unha forma de posta en discusión, de transformación e de educación de si mesmo e dos outros. Unha especie de *ascese* [...] A crítica estéril e ritual ao eurocentrismo debe ser superada e transformada polos europeos propiamente en sentido comparatista. Tomando en consideración a crítica feita por nós europeos ao eurocentrismo [...] Esta conversión á crítica das “imaxes cruzadas” anticipa unha auténtica forma de *ascese revolucionaria*. Revolucionaria porque non se opera coas nosas mesmas e únicas forzas e sobre a base mental constituída pola nosa tradición filosófica, senón coa confrontación e a atención dos outros, da súa visión de nós que a nós volve [...] Descolonizarse de si mesmo para un investigador europeo que quere dicir aceptar a *lóxica ascética comparatista* da paridade e da reciprocidade –incluso se non se traballa como comparatista– *xunto* a quen se descoloniza de Europa, nun mundo que se é posíbel definir de xeito sintético non podemos recoñecer senón como “post-colonial”<sup>50</sup>.

Esta proposta de reforma da literatura comparada, como outras dos anos noventa, evidencia os elementos de conexión non só cos estudos culturais e poscoloniais<sup>51</sup>, senón tamén coas recentes participacións sobre a redefinición da disciplina e do seu canon, como aqueles dos xa citados Damrosch e de Spivak, quizais máis no caso desta autora, en tanto que ambos parecen “empregar” a literatura como sede da reciprocidade, do intercambio e da tradución entre as culturas e reivindicar a través da literatura unha paridade de todas as culturas. Ao comparatista concerniría esta ardua tarefa de posta en relación e en comunicación continuas das diferenzas, unha tarefa ética que contradi se acaso a idea dun “esgotamento” da disciplina e do seu uso no seo dunha relación autorreferente e en certo sentido privilexiada (é dicir, signo de privilexio social e económico) entre crítica, teoría e textos literarios, até o punto de que só baixo esta perspectiva parece xustificábel recuperar teorías e posicións filosóficas “de moda”, como por exemplo a deconstrución<sup>52</sup>, que por outra banda ten tanto peso no modo de traballar cos textos practicado por

<sup>50</sup> A. Gnisci, “La letteratura comparata come disciplina di decolonizzazione”, *I Quaderni di Gaia. Almanacco di letteratura comparata*, VII, 10, 1996, pp. 13-18. Do mesmo autor véxase *Una storia diversa*, Roma: Meltemi, 2001, e *Biblioteca interculturale*, Roma: Odradek Edizioni, 2004.

<sup>51</sup> Cfr. para Italia I. Chambers, *Paessaggi migratori. Culture e identità nell'epoca postcoloniale* [1994], Roma: Meltemi, 2003, e P. Zaccaria, *La lingua che ospita. Poetica, politica, traduzioni*, Roma: Meltemi, 2004.

<sup>52</sup> Cfr. A. Gnisci, “Canone inverso”, en *Creoli meticci migranti clandestini e ribelli*, Roma: Meltemi, 1998, p. 88.

Spivak. Precisamente na confrontación cos textos, a posición asumida por Gnisci tradúcese nunha atención por unha acepción particular da “mundialidade”, que non é aquela de Goethe, senón que se orienta á literatura que pode ser comprendida por diversas culturas e que, polo tanto, é traducíbel, non tanto lingüísticamente senón criticamente, é dicir, que é lexíbel á luz da ollada dos outros<sup>53</sup>. Neste caso pódese falar dun “canon inverso”, construído e construíbel desde o punto de vista da mundialidade e non só daquel autorreferente da nacionalidade, “inverso” con respecto a este último pero ao mesmo tempo atento a non caer nunha esterofilia a-crítica que conduciría a contrapor a un canon “totalmente noso” outro só porque é alleo e por iso considerado máis lexítimo. É a perspectiva comparatista de intentar estar dentro e fóra dunha tradición para comprendela e representala mellor a que parece atravesar os discursos e as prácticas aquí tomados en consideración.

A propósito da lexibilidade e re-lexibilidade dunha tradición literaria á luz da mundialidade, o que pode significar tamén da e na perspectiva nacional pero ben conxugada con esta última cun espírito e unha lucidez crítica supranacional, quixera lembrar tamén o que afirma Iain Chambers no seu volume *Migrancy, Culture, Identity* de 1994, traducido máis tarde en Italia:

A modernidade revelada nunha lingua, nunha cultura e nunha literatura non pode ser considerada autóctona, non pode ser illada do ambiente mundial no que a modernidade euroamericana adquiriu as súas formas diversas. [...] Pero, que xustifica levar este argumento preto do discurso literario-cultural italiano? Simplemente para suxerir que unha formación literario-cultural que ignora a complexidade da modernidade escolle un percorrido destinado a ser sempre máis provincial [...] A miúdo se ten a impresión de que o perigo deste tipo de clausura nin sequera se advirte e que aínda que o fose se negaría en nome da autonomía da cultura. A idea oposta, fortemente promovida pola propia literatura, de que se pode revisitar o pasado para re-lelo, pero tamén para re-consideralo e re-configuralo á luz crítica do presente, é a miúdo considerada ilexítima, propia dun afeccionado e sobre todo pouco “científica”. Non se trata dun revisionismo dirixido a rebaixar o nivel crítico, senón de asumir o desafío que xorde dunha *complexidade convulsa* para propor un sentido polifónico das culturas e das literaturas que levan o adxectivo de “italiano”.

---

<sup>53</sup> De aquí a insistencia en autores como Primo Levi, Italo Calvino e Umberto Eco como exemplos, por razóns diversas (respectivamente: civil, erudita e comercial), da presenza da literatura italiana contemporánea en ámbito internacional e, polo tanto, como casos nos que se materializa a *mundialidade*, é dicir, a traducibilidade crítica, de certa parte da nosa literatura. *Ibidem*, pp. 90-91.

Quizais ten chegado o momento de facer a historia, a cultura e a literatura nacional algo menos narcisistas e de repensar esta formación, cos seus canons literarios e estéticos, na constelación mundial da modernidade<sup>54</sup>.

Esta invitación a un re-pensamento, nun alto nivel crítico, da tradición literaria e cultural italiana no marco da “modernidade” occidental parece chamar a atención sobre a necesidade de reler totalmente o paradigma, de fundación decimonónica, da identidade monocultural italiana.

Volvendo a Spivak, a propósito da relación entre multiculturalismo e comparatismo, a investigadora toma distancia con respecto á posición de Bernheimer e en xeral ao uso excesivo da politización das disciplinas literarias, así como a unha lectura superficial dos produtores e dos consumidores dos textos, é dicir, da colectividade, como aquela que a autora atopa no estudos culturais e étnicos estadounidenses; afirma polo tanto que:

A literatura comparada e os estudos de área poden traballar xuntos para promover non só as literaturas nacionais do Sur global, senón tamén a escrita de innumerábeis linguas indíxenas do mundo, cuxa desaparición foi programada cando foron trazados os mapas [...] Non temos necesidade de cartografalas. Xuntos podemos ofrecerlles a solidariedade dos límites facilmente reatraversábeis. Nisto consiste a literatura comparada do futuro, como reconfiguración permanente desde abaixo, ironía da globalización<sup>55</sup>.

187

O fin de Spivak é de feito conxugar a interdisciplinariade “nacionalista” e etnocéntrica propia dos estudos de área coa competencia lingüística e literaria do comparatismo:

A nova convulsión que eu propoño facer [...] empregaríase para promover que a tradicional fineza lingüística da literatura comparada sostivese os estudos de área (a historia, a antropoloxía, a teoría política e a socioloxía) aproximándonos ás linguas do outro non só como unha lingua de “campo” [...] Debemos considerar as linguas do hemisferio sur como medios culturais activos máis que como obxectos de estudo cultural a causa da presunta e sancionada ignorancia do emigrante metropolitano [...] Comprometerse co

---

<sup>54</sup> I. Chambers, *op. cit.*, pp. 132-133. Do mesmo autor véxase tamén o máis recente *Culture after Humanism* (2001); traducido ao italiano como *Sulla soglia del mondo. L'altrove dell'occidente*, Roma: Meltemi, 2003.

<sup>55</sup> Cfr. G. Chakravorty Spivak, *Morte di una disciplina*, *op. cit.*, capítulo 1: “Attraversare i limiti”, p. 41.

idioma do/s outro/s global/ais do hemisferio sur, institucionalizado na estrutura universitaria euro-estadounidense exclusivamente como ollada turística ou aquela descontinua da antropoloxía e da historia oral que reifica e transcódifica, constitúe a nosa lección sobre a dislocación da disciplina<sup>56</sup>.

O discurso da autora bengalí sobre as relacións entre literatura comparada e estudos de área ou estudos culturais móvese en realidade sobre unha necesidade ética de “comparatismo responsábel” que aínda que non se traduza nunha auténtica “politización” da disciplina vólvea dispoñíbel a acoller o valor do texto literario na súa capacidade de educar o lector para atopar relacións entre contextos espazo-temporais diferentes e para captar nos sistemas literarios aquela circulación de culturas e de textos que a perspectiva nacionalista e etnocéntrica impide ver.

Finalmente Damrosch, pola súa parte, na achega publicada con ocasión do “Report 2004” (Informe Saussy) sobre o estado da disciplina<sup>57</sup> “World Literature in a Postcanonical, Hypercanonical Age”, sostén que contrariamente a aquilo que se podía esperar despois do “Report 1993” (Informe Bernheimer) a atención polas perspectivas subalternas e contestatarias do canon tradicional é introducida polos comparatistas na análise dos textos canónicos e fundacionais, como o testemuña a miscelánea de estudos titulada *Semicolonial Joyce*<sup>58</sup>. A explicación deste éxito imprevisíbel da chamada a expandir o canon na época do multiculturalismo é atopada por Damrosch na invención dun sistema de canon a tres niveis: hipercanon (*Hypercanon*), contracanon (*Counter-canon*) e canon sombra (*Shadow canon*), dos que fan parte respectivamente os autores do canon tradicional, aquelas expresións das culturas subalternas e marxinais que escriben en linguas minoritarias e elaboran unha literatura minoritaria nunha das linguas de maior influencia e finalmente os chamados “autores menores”, sempre menos coñecidos. No vello modelo bipartito, porén, os autores menores flanqueaban os maiores (canónicos). En tal horizonte, a achega da literatura comparada segundo Damrosch estaría non só en saber entrecruzar o máis posíbel textos pertencentes ao nivel hipercanónico

---

<sup>56</sup> *Ibíd.*, p. 36.

<sup>57</sup> O Informe, xunto ás participacións ligadas a el, foi publicado primeiro *online* na web da ACLA, onde o consultei, e despois como volume a cargo de Haun Saussy, *Comparative Literature in an Age of Globalization*, Baltimore: The Johns Hopkins University Press, 2006.

<sup>58</sup> *Semicolonial Joyce*, ed. de D. Attridge, Marjorie Howes, Cambridge: Cambridge University Press, 2000.

ou contracanónico, senón en facelo sobre un eixe de comparación que poña en relación culturas diversas<sup>59</sup>.

Parangonada con todo aquilo que se viu aquí, a través dalgúns momentos da reflexión dos comparatistas sobre o sentido e o modo propio de operar, a “mundialidade” da literatura, entendida algunha vez idealistamente como propiedade común de todos os pobos expresando o “xeralmente humano” e elixida como fundamento orixinario do estudo literario comparatista en Europa, aparece pensábel agora como unha posibilidade de comunicación, de tradución crítica de si mesmo nos outros e dos outros en si mesmo, de atención e de produción das diferenzas e, por tanto, tamén como unha base nova da perspectiva comparatista actual sensíbel ás relacións interculturais.

*Franca Sinopoli*

Università degli Studi di Roma, “La Sapienza”

---

<sup>59</sup> Para os exemplos empregados por Damrosch remito ao seu texto “World Literature in a Postcanonical, Hypercanonical Age”, publicado primeiro na web da ACLA e despois no volume citado na nota 57.